

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

O PREMIO DE POESIA XA VAI POLA SÚA XVIII EDICIÓN

Falláronse os premios literarios da ACG Rosalía de Castro de Cornellà

A Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà, fixo público o fallo do xurado dos seus premios literarios o pasado sábado 27 de novembro, como é tradicional, durante a cea que organiza a asociación na súa semana cultural. A cea contou coa presenza do alcalde de Cornellà, Antonio Balmón; a Consellera de Benestar e Familia da Generalitat, Anna Simó; e o Director Xeral de Administración Local da Consellería de Xustiza, Alfonso Rueda, en representación do Goberno Galego. Informa **Fina Iglesias**.

- 15:43 29/11/2004

O concurso de poesía en lingua galega Rosalía de Castro é un certame con tradición nas letras galegas que xa vai pola súa XVIII edición. Nesta edición o primeiro premio foi para "O pasado nas horas", de Alberte Momán Noval, unha colección de poemas minimalistas sobre o paso do tempo. O segundo premio acadouno Olalla Cociña Lozano con "Aquí pechada" e o terceiro levouno Fernando Díaz-Castroverde Gómez co texto titulado "Comisuras". Entre os gañadores deste premio hai nomes ben coñecidos da poesía galega como Darío Xohán Cabana, Fiz Vergara Vilariño, Miro Villar, Rafa Villar, Martín Veiga, Marta Dacosta, Alexandre Nerium, Xosé Carlos Caneiro, Modesto Fraga ou Emma Pedreira.

A asociación engadiu este ano o I Certame de Narrativa Rosa Reboredo, dotado con mil euros, e ampliou o seu horizonte lingüístico xa que ó certame se poden presentar narracións en calquera das linguas oficiais do estado, reservándose a entidade o dereito de publicar os traballos presentados na tradución ao galego e catalán. O premio levouno una veciña de Cornellà, Marta Amigo Olmos, coa narración *Avui somniaré amb tu* (Hoxe soñarei contigo), relato epistolar que unha muller occidental, que adoptou a unha nena chinesa, dirixe á súa nai biolóxica. Prodúcese, logo, un encontro entre dous mundos.

O xurado propuxo ademais un accésit para Emma Pedreira Lombardía, que curiosamente xa acadara o segundo premio no certame de poesía do ano anterior polo texto "A viaxe darredor", onde unha moza fai o retrato da súa avoa, tan marcada pola experiencia da guerra, que ao final da súa vida tolea porque cre que comeza a guerra civil outra vez.

O Xurado de ambos e dous premios estaba constituído por Xesús Palmou, Conselleiro de Xustiza da Xunta de Galicia; Helena González, Profesora de Filoloxía Galega, UB; José Lamela Bautista, escritor; Masito Beiró, pintor e xornalista; Amelia López, mestra; Margarita Fernández Pazó, traductora e correctora; e Míriam López Alvarado, estudante de Farmacia.

A Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà é unha das máis activas entidades de emigrantes en Cataluña, e a única que ten un premio literario que sobarda a comunidade galega en Cataluña. O certame conta con dúas publicacións dos poemas premiados: *Certame Rosalía de Castro de poesía en lingua galega* (1994), onde se recollen ós premiados no período 1987-1991, e máis *Certame de poesía Rosalía de Castro* que publica ós gañadores das edicións 1992 a 1996. A Asociación ten tamén una revista, *Lúa Nova*, que no seu número 42 (2001) reproduce a lista completa dos gañadores deica a edición do ano 2000.